



XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2023

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. As actas da reunión ordinaria do día 16 de decembro de 2022 e da reunión extraordinaria do día 10 de febreiro de 2023.
2. A renovación das Comisións delegadas da Xunta de Facultade (Comisión Permanente e Comisión de Recoñecementos e validacións), outros órganos da Facultade de Dereito e órganos mixtos de coordinación para os efectos da garantía de calidade das Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
3. Manter os límites de prazas no Grao en Dereito (50) e no Plan conxunto de Estudos ADE-Dereito (10) para o curso académico 2023/2024 e remitir o correspondente escrito xustificativo ao Sr. reitor e ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para o seu traslado, se fora preciso, aos órganos competentes da Xunta de Galicia.
4. A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes respecto das materias do título do Grao en Dereito para o curso 2023/2024 e o escrito de motivación correspondente.
5. A oferta de materias optativas do Grao en Dereito para o curso 2023/2024 e os procedementos de preinscripción e matrícula correspondentes.
6. Designar a Profa. Dra. Mónica Siota Álvarez como Coordinadora do Grao en Dereito e a Prof. Dra. Marta Fernández Prieto como coordinadora das materias “Traballo de Fin de Grao” e “Prácticas externas”.

Ourense, 23 de marzo de 2023

A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.